

Castelo Medieval Castelo Redondo



Imaxe: manuelgago.org

Descrición

Restos dun castelo medieval situado no alto dun outeiro no [Monte Meda](#), a 435 metros de altitude. As súas reducidas dimensións fan pensar que se tratase dunha atalaia de vixilancia das rutas terrestres e fluviais. O factor máis relevante do seu emprazamento é o gran dominio visual que exerce a media e longa distancia, o que o convirte nun punto estratéxico de primeira orde.

Consérvanse muros de cachotaría lonxitudinais na parte sur e norte do promontorio. O muro norte que descende desde o cumio á ladeira conserva uns 30 metros e o lenzo sur apenas uns 15 metros. Ambos apóianse directamente nos grandes penedos graníticos moi alterados pola actividade extractora do antigos arguinas.


Na zona central e máis elevada do cumio divísase tamén unha cruz de termo moi erosionada. Os planos do Lidar e as fotografías aéreas amosan os restos dun recinto ovalado rodeando o cumio do promontorio duns 90x60 metros, segundo sinalan os investigadores C. Sánchez Pardo e Carlos J. Galbán (autores de varios artigos e publicacións sobre os castelos altomedievais das terras de Compostela). Tampouco podemos desbotar a posible existencia no medievo dun sistema defensivo que incluía os

outeiros próximos, con nomes tan significativos como o Castelo do Medio e o Castelo de Roque.

Aos seus pés do Castelo Redondo hai mámoas. Está a tella. E no castelo está a Cova dos Mouros, por onde entran estes seres míticos. Unha pista arrasou parte do perímetro que o rodea, e unha singular mámoa que existía xusto aos pés do castelo, nun pequeno chan na súa base. Alí a tella e os anacos de cerámica están por todas partes. O Castelo Redondo parece seguir o mesmo patrón que a [Casa das Meigas](#), controlando o camiño que leva da ría até Iria Flavia.

INFORMACIÓN	
TIPOLOXÍA	Arqueoloxía
CRONOLOXÍA	Alta Idade Media
CONCELLO	Padrón
PARROQUIA	San Pedro de Carcacia
REFERENCIAS	Pablen Compostela Teo (https://m.facebook.com/story.php?story_fbid=4667782463256353&id=100000739356960) Capítulo Cero (http://www.manuelgago.org/blog/2009/10/04/as-republicas-de-homes-libres-ii-pegadas-nos-penedos/) Patrimonio Galego (http://patrimoniogalego.net/index.php/65344/2014/11/castelo-redondo/)

XEOLOCALIZACIÓN	
COORDENADAS	42.763068465283 , -8.6253279030879



* Información obtida da páxina web obaixoulla.gal. Xeolocalización a partir da información de mapas.xunta.gal.